

Cultura

A reivindicación dos dereitos sociais centra os actos do Día de Rosalía

martes 19, febreiro 2019



Do XIX ao XXI: Libre o meu pensamento

24 de febreiro
día de Rosalía de Castro

lectura pública da obra de Rosalía de

"A roupa de cote puñéronma en tiras" (en A xustiza pola man, Follas novas), "embargaránnos todo" (en "-Escoitá: os algoasiles", Por que?, Follas novas), "que se amargo pan vos ganan / dádesllo envolto en veneno" (en "Castellanos de Castilla", Cantares gallegos), "en errantes hordas" (en "Probe Galicia, non debes", A gaita gallega, Cantares gallegos). A denuncia social e a reivindicación dos dereitos individuais e colectivos están presentes en toda a obra de Rosalía de Castro e niso fará fincapé o [Manifesto do Día de Rosalía](#) deste 2019, impulsado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

Traballadoras e traballadores da CRTVG lerán poemas de Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres

As agresións sexuais, os desafuizamentos, a explotación laboral, os éxodos e os refuxiados... todos estes temas estarán presentes no texto que este domingo 24 de febreiro, aniversario do nacemento da poeta. **O acto central terá lugar no Panteón de Galegos Ilustres (Santiago de Compostela) ás 12 horas, coa presentación do manifesto da AELG a cargo de Ana Romaní** e coa lectura de poemas rosalianos a cargo de traballadoras e traballadores da CRTVG.

O manifesto, redactado pola propia Ana Romaní, **enlaza a través dos poemas da autora a denuncia social realizada por Rosalía no século XIX coas problemáticas existentes no século XXI**: "Escrito en medio de todos-los destierros/ Manifesta que sabe que non a escoitan/ Do meu dor sin igual i a miña afrenta traidora se mofaban. Prende o computador, algún dispositivo. Ladran/ Manifesta que o poema é o lugar onde a voz afía a sombra/ Indóciles nos camiños desertos eses versos/ Cantos de independencia e liberdade. Manifesto/Acción que se inunda e anega. Cantarte hei".

A AELG propón, ademais, que nesta data a cidadanía agasalle un libro en galego e unha flor

Non será o único acto neste Día de Rosalía, [que se espalla por todo o país con lecturas, homenaxes e outras actividades](#), entre as que destacan as que ao longo de toda esta semana se levarán a cabo nos centros de ensino. **A AELG propón, ademais, que nesta data a cidadanía agasalle un libro en galego e unha flor.** Ademais, a entidade continúa a impulsar mocións nos concellos para que declaren o 24 como *Día de Rosalía de Castro*, algo que dende o 2011 xa fixeron medio cento de localidades e as deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo.

O 'Caldo de Gloria'

A [Fundación Rosalía de Castro](#) conmemora o 24 de febreiro chamando á participación en dous eventos: unha grande *Alborada*, coa colaboración da Asociación de Gaiteros e Gaiteras Galegas, e o *Caldo de Gloria*, iniciativa á que xa se sumaron numerosos colexios, restaurantes e os concellos de Padrón, Compostela, Ames, Brión, Rois, Teo, Rianxo, A Guarda, Celanova, Arzúa e Ponteceso.

O *Caldo de Gloria* é unha iniciativa inspirada no poema “Miña casiña, meu lar” na que a poeta explica como facer un caldo humilde e no que se relata a épica diaria da supervivencia protagonizada por unha muller. Comezou a realizarse con éxito en 2017, cun seguimento masivo en Padrón, e en 2018 xa se converteu nun evento seguido a nivel galego.

A Fundación Rosalía de Castro impulsa a preparación do *Caldo de Gloria* e tamén unha *Alborada* a cargo de grupos de gaiteros/as

Nesta terceira edición, a encargada de preparar o *Caldo de Gloria* na Casa-Museo da poeta (ás 19.30 horas do día 24) será a escritora Leticia Costas, Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil en 2015, pola súa obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*. "Queremos que en lugares públicos, coma os comedores escolares ou os locais de hostalería, ou tamén no ambiente familiar e íntimo, Galicia se lembre de Rosalía a través da nosa gastronomía popular e das leccións que nos dá a protagonista do poema: como sobrevivir e mesmo ser feliz a pesar da penuria e das adversidades", destaca a entidade.

Ademais, a Fundación **recupera a celebración da *Alborada***, na que participaran 70 grupos de gaiteros en 2013 no 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. A iniciativa conta coa colaboración da Asociación de Gaiteros e Gaiteras Galegas. E a Fundación Rosalía de Castro fai un chamamento "a todos os gaiteros e gaiteras de Galicia (e non só: tamén a outros músicos: sexan pandereteiras, requinteiras, tamborileiras, etc.) para dar unha alborada de gloria na súa honra" interpretando a *Alborada* de Rosalía, peza escrita pola propia autora.

Outros actos

- **A Coruña:** A AELG e a A. C. Alexandre Bóveda realizan unha lectura pública da obra de Rosalía, o domingo 24 de febreiro, ás 18:00 horas, diante do teatro que leva o seu nome, na rúa Rego de Auga, o Teatro Rosalía de Castro.
- **Vigo:** O 24 de febreiro, ás 18:00 horas, terá lugar unha ofrenda floral na imprenta Juan Compañel (Rúa Real, 12), e posteriormente terá lugar unha ruada até o local da Federación de AA. VV. Eduardo Chao (Praza da Princesa, 7, 2º).
- **Lugo:** AELG, Deputación e Concello de Lugo organizan unha lectura pública da obra da autora. Será o domingo 24 ás 13 horas no Parque Rosalía de Castro.
- Arteixo, Ames, Betanzos, Boiro, Cervo, Cospeito, Fisterra, Guitiriz, Outeiro de Rei ou Santiago de Compostela, entre outras localidades, acollerán tamén actos nesta data. Pódense consultar todos [na axenda elaborada pola AELG](#).

Semana de Rosalía en Compostela: a poeta bótase ás rúas da capital galega



Martiño Noriega, con Anxo Angueira e Xosé Manuel Durán na presentación da Semana de Rosalía en Compostela
© Concello de Santiago

Rosalía na súa cidade e barrio natais. Ou, o que é o mesmo, en Santiago e concretamente no barrio do Ensanche, onde se atopa a Praza de Vigo, en cuxa contorna estaba o Camiño Novo, no antigo Concello de Conxo, onde naceu Rosalía de Castro. O

Concello compostelán conmemora neste 2019 o 182º aniversario do nacemento da poeta coa [Semana de Rosalía en Compostela](#), un programa de actividades que chegará a finais de mes e que implica o propio consistorio, pero tamén ao tecido hostaleiro e comercial do Ensanche e Conxo.

O presidente da Fundación Rosalía, Anxo Angueira, e mais o seu homólogo da asociación veciñal Raigame, Xosé Manuel Durán, presentaron este martes xunto ao alcalde compostelán, Martiño Noriega, unha programación rosaliana "pensada para reivindicar a figura de Rosalía e os seus vencellos con Santiago". De aí, detalla o rexedor, que se procure **"facelo coa participación da cidadanía, do tecido asociativo, dos colexios, das persoas maiores e do público infantil"**.

Boa parte das actividades da Semana de Rosalía en Compostela sitúanse nos barrios do Ensanche e Conxo, en cuxa contorna naceu Rosalía de Castro

Unha semana cultural dedicada a Rosalía en colexios da cidade, poemas para as persoas que fagan as súas compras en comercios do Ensanche, degustacións do Caldo de Gloria en locais de hostalería ou mostras e **debates sobre a obra rosaliana na rede Rede de Centros Cívicos** figuran tamén nun [programa](#) que inclúe lecturas escenificadas de textos da autora. Correrán ao cargo da actriz Ana Ponte e o actor Diego Freire en sete dos centros cívicos.

Senllos concertos de **Amancio Prada** na Igrexa de San Fernando e de **Uxía** no Centro Cívico Aurelio Aguirre, ambos o día 23, son outros dous dos actos previstos dunha semana de Rosalía que terá o propio 24 de febreiro como xornada central. O día comezará cunha ofrenda floral ante a escultura dedicada a Rosalía na Praza de Vigo en conmemoración do